

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “DEPO AVENTURA A LANZADA” PARA O ANO 2017

A Xunta de Goberno desta Deputación, na sesión do 3 de marzo de 2017, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar as bases reguladoras do programa “Depo Aventura A Lanzada” para o ano 2017.

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “DEPO AVENTURA A LANZADA” 2017

A Deputación de Pontevedra leva a cabo a promoción e organización de actividades destinadas á xuventude no ámbito da educación non formal, da inserción socio-laboral, da formación en linguas estranxeiras, do deporte, da cultura, do lecer e do tempo libre entre outras.

Desde o Servizo de Cohesión Social e Xuventude ponse en marcha a segunda edición do programa de campamentos de verán “Depo Aventura A Lanzada” 2017, no Centro de Vacacións da Lanzada para as rapazas e rapaces dos concellos da provincia de Pontevedra.

Este programa ofrece a posibilidade de que 2.200 menores empreguen o seu tempo libre no verán participando en actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e formativo, que contribúan ao seu enriquecemento persoal e lles faciliten coñecer outros lugares fóra da súa contorna habitual.

Así mesmo a Deputación, en aplicación do principio de transversalidade das políticas en materia de diversidade funcional, ten en conta a este colectivo nesta liña de actuación pública para facer efectivos os dereitos das persoas con diversidade funcional que participen, en igualdade de condicións coas demais, nas actividades recreativas, de lecer e de tempo libre, segundo o artigo 30 da Convención Internacional da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, así como, o dereito á igualdade deste colectivo, recollido no artigo 7 do R. d. I. 1/2013, de 29 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.



En base ao anterior, a Deputación acorda poñer en marcha os campamentos de verán Depo Aventura 2017 dirixidos a rapazas e rapaces da provincia de Pontevedra, conforme ás seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

A institución provincial, co obxecto de promover e fomentar o desenvolvemento persoal e social das rapazas e rapaces e favorecer a comunicación e o dinamismo multicultural, organiza o programa “Depo Aventura A Lanzada” 2017 e oferta 2.200 prazas nos campamentos de verán a menores da provincia de Pontevedra.

Este programa lúdico e educativo inclúe a programación e o desenvolvemento de actividades ao aire libre relacionadas coa natureza, artísticas, culturais, deportivas e xogos, entre outras, e introduce por primeira vez actividades en inglés, co fin de colaborar na formación das nosas mozas e mozos.

“Depo Aventura” 2017 desenvolverase, entre os meses de xuño e setembro, a través de 11 quendas de campamentos de 7 días de duración cada unha.

A información detallada sobre o programa de actividades, quendas e instalacións onde se executará poderase consultar na web www.depo.es.

Segunda. Persoas participantes

2.1. Nesta convocatoria poderán participar nenas e nenos que cumpran os seguintes requisitos:

- Que nacesen entre 2004 e 2009 (ambos inclusive)
- Que estean empadroadas ou empadroados na provincia de Pontevedra
- Que non padezan enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa

2.2. Poderán participar menores en situación de tutela ou garda pola Administración, que se atopen en acollemento residencial nun centro da provincia de Pontevedra.

2.3. No caso de menores que precisen un apoio específico derivado dalgún tipo de diversidade funcional ou doutra patoloxía, esta circunstancia deberá facerse constar no cuestionario de saúde e autonomía persoal, detallando do xeito máis preciso posible as súas necesidades específicas.



2.4. No caso de menores que presenten algún grao de diversidade funcional, se teñen praza adxudicada, será necesario poñerse en contacto co Servizo de Inspección Médica, enviando un correo electrónico ao enderezo maricarmencampos@depo.es, e será o persoal sanitario desta institución provincial quen solicite os informes médicos ou a documentación necesaria para a valoración destas necesidades no campamento.

Os requisitos sinalados anteriormente serán condición necesaria para a admisión da solicitude. O seu incumprimento impedirá a participación da persoa solicitante no campamento e dará lugar á inadmisión da solicitude, salvo que o defecto ou erro formal poida corrixirse, de acordo co previsto na lexislación vixente.

Terceira. Organización das quendas de campamentos

Os campamentos terán lugar entre o 25 de xuño e o 9 de setembro de 2017. Realizaranse 11 quendas, de 7 días de duración cada unha, nas seguintes datas:

- Primeira quenda: do 25 de xuño ao 1 de xullo
- Segunda quenda: do 2 ao 8 de xullo
- Terceira quenda: do 9 ao 15 de xullo
- Cuarta quenda: do 16 ao 22 de xullo
- Quinta quenda: do 23 ao 29 de xullo
- Sexta quenda: do 30 de xullo ao 5 de agosto
- Sétima quenda: do 6 ao 12 de agosto
- Oitava quenda: do 13 ao 19 de agosto
- Novena quenda: do 20 ao 26 de agosto
- Décima quenda: do 27 de agosto ao 2 de setembro
- Undécima quenda: do 3 ao 9 de setembro

A realización da derradeira quenda queda condicionada á data de comezo do primeiro día lectivo do próximo curso escolar 2017/2018.

A incorporación ao campamento será responsabilidade da nai, do pai ou da persoa que exerza a titoría legal da ou do menor, o día de inicio da quenda correspondente, de 10:00 a 11:00 horas.

A saída do campamento será responsabilidade da nai, do pai ou da persoa que exerza a titoría legal da ou do menor o día que finalice a quenda correspondente, ás 10:00 horas.

No suposto de abandono da actividade ou expulsión da persoa participante será responsabilidade da nai, do pai ou da persoa titora o traslado ao seu domicilio.



Cuarta. Servizos ofertados

As nenas e os nenos participantes disporán dos seguintes servizos en cada quenda:

a) Un programa de actividades socioculturais, recreativas, formativas e de convivencia, que posibilite a participación de todas e todos. Algunha destas actividades impartirase en lingua inglesa

b) O aloxamento en tendas de campaña no campamento xuvenil

c) A manutención en réxime de pensión completa

d) O material necesario para a actividade

e) Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre, actividades náuticas e lingua inglesa. Así mesmo, e para o caso de menores con necesidades especiais por razón da súa discapacidade, disporase de persoal de apoio necesario adaptado as súas características

f) Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes

Quinta. Procedementos de participación

O número total de prazas ofertadas para este programa ascende a 2.200, distribuídas do seguinte xeito:

- 1.900 prazas que serán adxudicadas polo procedemento xeral
- 300 prazas que serán adxudicadas polo procedemento específico: prazas de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social

No caso de cumprir cos requisitos sinalados poderá presentarse unha solicitude e optar á adxudicación da praza por algún dos dous procedementos que se describen a continuación, o que deberá sinalarse no formulario de solicitude.

A. Procedemento de participación xeral

A.1. Número de prazas

1.900 prazas

A.2. Prezo

O prezo da praza do campamento estímase en 200 euros por menor como resultado da suma dos gastos necesarios para a execución deste programa, que inclúen persoal de cociña para a preparación de alimentos, mantemento e limpeza de instalacións, e gastos da empresa adxudicataria da actividade e da empresa adxudicataria da subministración da alimentación, entre outros.



A Deputación subvenciona polo procedemento xeral o 50 % do custo da praza.

O importe do pagamento final que deberá efectuar a persoa interesada é de:

- 100 euros por praza, o que inclúe:
 - Aloxamento e manutención
 - Todas as actividades do campamento, incluídas as que se fagan en inglés
 - Seguro
 - Excursións
- 80 euros por praza para menores de familias numerosas (desconto do 20 % sobre o prezo). Para que se lles aplique este desconto as persoas solicitantes deberán marcar no cadro correspondente do formulario de solicitude se teñen ou non o título de familia numerosa e achegar o documento acreditativo (no caso de non presentalo non se aplicará este desconto)

Estes prezos inclúen todos os servizos do campamento, incluída a excursión ao exterior.

A.3. Adxudicación das prazas

A adxudicación das prazas, tanto neste procedemento como no específico, realizarase por sorteo, por medios informáticos, do seguinte xeito:

- Cubriranse as 200 prazas de cada unha das quendas (100 nenas e 100 nenos)
- Confeccionarase unha lista de agarda

Na páxina web da institución provincial publicarase o seguinte:

- O anuncio do lugar, o día e a hora da realización do sorteo público
- O resultado, coa lista de persoas con praza adxudicada para cada quenda e a lista das 100 primeiras persoas de agarda para cada quenda
- O resultado notificaráselles por mensaxe SMS ao móbil ás persoas con praza adxudicada para que efectúen o pagamento
- Se non se efectúa o pagamento no prazo establecido perderase o dereito á praza

Para estes efectos, a presentación da solicitude implica a autorización para a publicación dos datos da persoa solicitante.

O sorteo rexerese por un algoritmo do programa informático no que se terá en conta o seguinte:

1. Daráselles prioridade ás persoas que non asistisen ao campamento no verán do ano 2016



2. Asignaranse en cada quenda 100 prazas para nenas e outras 100 para nenos. De non existir cota suficiente para cubrilas farase a través de múltiplos de cinco, por exemplo: 90/110, 95/105

3. Cando unha ou un menor que non participase o ano pasado obteña praza as súas irmás ou irmáns tamén obterán praza na mesma quenda aínda que xa fosen o ano pasado, co obxectivo de favorecer a conciliación familiar

4. Cota por concellos: as prazas asignadas a cada concello serán proporcionais á súa poboación, segundo os datos obtidos do Instituto Nacional de Estatística (INE), do censo do ano 2016, e de acordo co reparto que se detalla no anexo I destas bases

A praza adxudicada será intransferible.

B. Procedemento de participación específico: prazas de reserva para inclusión

B.1. Número de prazas

300 prazas repartidas do seguinte xeito:

- 260 prazas de reserva para menores en situación ou risco de exclusión social dos concellos da provincia de Pontevedra

As persoas destinatarias destas prazas serán menores dos concellos da provincia de Pontevedra que teñan historia social nos servizos sociais do seu concello, como participantes nalgún dos programas e servizos básicos relacionados no artigo 9 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais e o seu financiamento.

As persoas solicitantes por este procedemento efectuarán a súa solicitude, na forma e prazo establecidos nestas bases, e deberán sinalar no formulario de solicitude a opción “Procedemento específico: prazas de reserva para inclusión” e dentro deste apartado “Menores dos concellos da provincia de Pontevedra”, ademais de solicitarlle á traballadora ou traballador social do seu concello que emita a valoración social .

Os servizos sociais comunitarios municipais dos concellos da provincia de Pontevedra, nun prazo máximo de 15 días naturais desde a finalización do prazo para a presentación das solicitudes, presentarán por rexistro, en calquera dos medios previstos na lexislación vixente, a seguinte documentación:

- 1.—Relación nominal por orde de puntuación das persoas solicitantes desta modalidade
 - 2.—Valoracións sociais solicitadas polas persoas interesadas baremadas segundo modelo oficial
- 25 prazas de reserva asignadas a menores do Centro Príncipe Felipe dependente da Deputación de Pontevedra



As persoas solicitantes por esta modalidade presentarán a súa solicitude na forma e no prazo establecidos nestas bases e deberán:

1.—Sinalar no formulario a opción “Procedemento Específico: prazas de reserva para inclusión” e dentro deste apartado “Menores do Centro Príncipe Felipe”

2.—Achegar, xunto coa demais documentación, un certificado expedido pola Dirección do centro que acredite que durante o período 2016-2017 están en situación de internamento

- 15 prazas para menores en situación de tutela ou garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra

As persoas solicitantes por esta modalidade presentarán a súa solicitude na forma e no prazo establecidos nestas bases e deberán:

1.—Sinalar no formulario de solicitude a opción “Procedemento específico: prazas de reserva para inclusión”, e dentro deste apartado “Menores en situación de tutela ou garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra”

2.—Achegar, xunto coa demais documentación, un certificado expedido pola Dirección do centro que acredite que durante o período 2016-2017 están en situación de internamento

B.2. Prezo

Co fin de acadar a igualdade de oportunidades a institución provincial subvencionará o 100 % do prezo da praza para promover a inclusión social das nenas e nenos da provincia de Pontevedra.

B.3. Adxudicación das prazas

A adxudicación das prazas de reserva para inclusión subvencionadas polo procedemento específico realizarase do seguinte xeito:

1. Por adxudicación directa, no caso de que a demanda non superase o número de prazas dispoñibles (300 prazas)

2. Se o número de solicitudes superase o ofertado (300 prazas), seguirase o seguinte procedemento:

2.1. As solicitudes de praza de reserva asignadas a menores do Centro Príncipe Felipe dependente da Deputación de Pontevedra adxudicaranse de forma directa.

As prazas baleiras que quedasen sen cubrir reasignaranse para dar maior cobertura:



- En primeiro lugar, a menores en situación de tutela ou garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra.
- En segundo lugar, para as prazas de reserva dos concellos, seguindo a puntuación das valoracións sociais independentemente do concello de procedencia, e, en caso de empate, prevalecendo os concellos con maior demanda de solicitudes e tendo en conta as nenas e nenos que non asistiron no ano 2016 ao campamento.

2.2. As solicitudes de praza de reserva asignadas para menores en situación de tutela ou garda administrativa doutros centros da provincia de Pontevedra adxudicaranse por sorteo, segundo a cota establecida.

As prazas baleiras que quedasen sen cubrir reasignaranse para dar maior cobertura ás prazas de reserva dos concellos, seguindo a puntuación das valoracións sociais independentemente do concello de procedencia, e, en caso de empate, prevalecendo os concellos con maior demanda de solicitudes e tendo en conta as nenas e nenos que non asistiron no ano 2016 ao campamento.

2.3. As solicitudes de praza de reserva para cada concello (atendendo ás cotas establecidas segundo poboación) adxudicaranse de forma directa seguindo o modelo de relación nominal confeccionado polos servizos sociais comunitarios municipais.

As prazas baleiras que quedasen sen cubrir reasignaranse para dar maior cobertura as prazas de reserva doutros concellos, seguindo a puntuación das valoracións sociais independentemente do concello de procedencia, e, en caso de empate, prevalecendo os concellos con maior demanda de solicitudes e tendo en conta as nenas e nenos que non asistiron no ano 2016 ao campamento.

No caso de quedar prazas baleiras correspondentes ao procedemento específico, estas reasignaranse e adxudicaranse a través do procedemento xeral.

Sexta. Lista de agarda

As vacantes que se produzan por non efectuar o pagamento ou por renunciar á praza obtida no sorteo seranlles adxudicadas ás nenas e nenos da lista de agarda, tendo en conta que a baixa dun neno se cubrirá con outro neno e a baixa dunha nena se cubrirá con outra nena.

Teranse en conta as solicitudes para a mesma quenda de irmás e irmáns sempre e cando haxa vacantes suficientes; de non ser así, chamaríase á seguinte persoa da lista. Nesta relación de agarda non se terá en conta a cota correspondente a cada concello.



A Deputación contactará coas persoas da lista de agarda por mensaxe SMS enviada ao teléfono móbil. Realizaranse tres chamadas entre as 9:00 e as 14:00 horas que serán rexistradas para que quede constancia da súa realización.

Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofrecida deberase efectuar o pagamento da praza do campamento no prazo establecido.

Sen non se puidese contactar coa persoa interesada, ou esta non efectuase o pagamento en prazo, será dada de baixa e contactarase coa seguinte persoa na lista de agarda.

Sétima. Documentación

7.1. Documentación que se debe achegar coa solicitude inicial

1.—Fotocopia do DNI ou NIE da ou do menor ou, no seu defecto, da súa inscrición no libro de familia

2.—Fotocopia do DNI ou NIE da nai, do pai ou da persoa titora

3.—No caso de menores estranxeiras e estranxeiros, copia compulsada do permiso legal de residencia

4.—Certificado ou volante de empadramento

5.—Acreditación de familia numerosa (se se acolle ao desconto no prezo establecido nas bases)

6.—Cuestionario de saúde e autonomía persoal

7.—Se é o caso, certificado acreditativo do grao de discapacidade e copia do ditame médico facultativo emitido polo equipo de valoración e orientación (EVO) correspondente

8.—Certificado expedido pola Dirección do centro que acredite que durante o período 2016-2017 están en situación de internamento

7.2. Documentación que debe remitir ao Servizo de Inspección Médica (no caso de resultar beneficiaria ou beneficiario)

- Informe de saúde da ou do especialista que proceda, no que se indique a patoloxía, o tratamento farmacolóxico ou a terapia que precisa, e no que se faga constar que a súa condición médica lle permite asistir ao campamento

7.3. Documentación que se debe levar o primeiro día do campamento

1. Fotografía tamaño carné



2. Tarxeta sanitaria orixinal ou seguro médico privado

No caso de que se detecten ou diagnostiquen enfermidades, alerxias e/ou intolerancias alimentarias entre a data de presentación das solicitudes e a data de incorporación ao campamento será necesario poñerse en contacto co Servizo de Inspección Médica, a través da dirección de correo electrónico maricarmencampos@depo.es e será o persoal sanitario o que solicite o correspondente informe de saúde.

Oitava. Prazo, lugar e forma de presentación das solicitudes. Verificación dos datos

8.1. Prazo de presentación das solicitudes

Será de 20 días naturais contados a partir da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

8.2. Lugar e forma de presentación das solicitudes

Co fin de minimizar erros e axilizar a mecanización dos datos das solicitudes deberase escoller preferentemente a opción de presentación de solicitudes mediante o formulario web ao que se pode acceder en www.depo.es.

a) Mediante formulario web

Para realizar a preinscrición a través da web da www.depo.es seguiranse estes pasos:

1. Encher os datos do formulario oficial de solicitude e premer en “enviar”
2. Descargar e imprimir o xustificante electrónico xerado na web tras realizar o envío. Este xustificante incluíra un código único de preinscrición

No caso de irmás ou irmáns que queiran ir en quendas diferentes, deberase cubrir un formulario por cada nena ou neno; deste xeito entrarían por separado no sorteo, sen que se poida garantir que, de conseguir praza, saian en quendas diferentes.

3. Presentar o xustificante electrónico xerado durante o proceso de preinscrición, xunto coa documentación establecida na base sétima, no Rexistro xeral da institución provincial ou en calquera das formas descritas na base octava, dentro do prazo establecido na mesma base



b) Mediante formulario impreso

No caso de non poder realizar a preinscrición a través da web do organismo provincial, a persoa solicitante poderá presentar a solicitude, xunto coa documentación establecida na base sétima, no Rexistro xeral da Deputación, en calquera das súas oficinas de rexistro ou no Rexistro electrónico sede.depo.es, de conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de enviarse por correo postal ao Rexistro da Deputación, o envío deberá ser certificado co selo de Correos no formulario da solicitude para garantir que a data de remisión está incluída no prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria.

As solicitudes remitidas por correo que non cumpran este requisito teranse por presentadas para todos os efectos no mesmo día en que teñan entrada no Rexistro da institución provincial, independentemente da data de presentación na oficina de Correos.

O modelo de solicitude estará a disposición das persoas interesadas na Oficina de Información á Cidadanía da Deputación, tanto en Pontevedra coma en Vigo, e poderá descargarse na páxina www.depo.es.

No caso de irmás ou irmáns que queiran ir en quendas diferentes, deberase cubrir un formulario por cada nena ou neno; deste xeito entrarían por separado no sorteo, sen que se poida garantir que, de conseguir praza, saian en quendas diferentes.

Os impresos de solicitude deberán cubrirse de acordo coas seguintes normas:

- a) Só se poderá cubrir unha solicitude por menor, e as quendas elixiranse por orde de prioridade, para o que se empregarán os códigos asignados
- b) Os datos da persoa solicitante deberán ser os da ou o menor que opta a participar no campamento
- c) No caso de solicitudes múltiples que opten a participar na mesma quenda deberán cubrirse os datos de cada irmá ou irmán que solicite participar
- d) As solicitudes deberán ser asinadas pola nai, pai ou persoa titora da ou do menor solicitante



8.3. Comprobación e corrección de datos da solicitude na web

Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, a persoa interesada deberá estar pendente da publicación das listas para comprobar na web www.depo.es que os datos de mecanización da súa solicitude son correctos.

A Deputación enviará unha mensaxe SMS ao móbil de todas as persoas solicitantes cun código para acceder ao enlace habilitado para a consulta e a revisión dos datos da súa solicitude.

Se as persoas interesadas detectan algún erro nos datos mecanizados ou non atopan a solicitude, deberán poñerse en contacto co Servizo de Cohesión Social e Xuventude, a través do correo electrónico cohesionsocialexuventude@depo.es para que poidan ser emendados.

A comunicación dos erros para a súa corrección deberá efectuarse dentro do prazo sinalado na web coa publicación da lista.

Unha vez transcorrido ese prazo, non procederá ningunha reclamación contra os erros ou omisións nas solicitudes.

Novena. Pagamento e devolución da cota

9.1. Pagamento

O prazo, a forma e os lugares para realizar o pagamento publicaranse na web www.depo.es xunto cos recibos de pagamento que estarán dispoñibles nas 48 horas seguintes á realización do sorteo.

Os recibos serán individualizados para cada menor; no caso de irmás ou irmáns que obtivesen praza, disporán de recibos individuais.

A persoa responsable do menor (nai, pai ou titora) recibirá unha SMS no seu móbil (para efectos informativos) coas claves para acceder e descargar os recibos.

É unha obriga das persoas beneficiarias solicitar as claves no caso de que non se reciban no móbil e proceder ao pagamento dentro do prazo publicado na páxina web.

No caso de non facer efectivo este pagamento no prazo establecido no recibo perderase o dereito á praza obtida, que pasará a ser ocupada por outra persoa da lista de agarda.



9.2. Devolución da cota

Para ter dereito á devolución do importe aboadado da praza adxudicada a persoa interesada deberá solicitar por escrito a renuncia á praza e a devolución. Só se terá dereito á devolución do importe da cota de inscrición:

1. No caso de impedimento da persoa interesada para asistir á actividade por algún dos seguintes motivos debidamente xustificadas:

- Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegar o correspondente xustificante médico)
- Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dun familiar, falecemento ou outros (deberá achegar xustificación do motivo)
- Admisión noutra actividade nas mesmas datas (deberá achegar o xustificante de pagamento)

Na maior brevidade posible, a persoa interesada deberá comunicarlle a renuncia á praza ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude, por teléfono ou por correo electrónico á dirección cohesionsocialexuventude@depo.es, co fin de que a Deputación poida realizar as xestións de adxudicación desa praza á seguinte persoa da lista de agarda.

A presentación da solicitude de devolución da cota de inscrición deberase efectuar en canto se produza algún destes motivos que xustifican a renuncia coa achega do correspondente xustificante.

2. No caso de non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada ou anulación da actividade pola Administración

A presentación da solicitude de devolución da cota de inscrición deberase efectuar no prazo de 20 días naturais contados desde que a Deputación comunique as causas da non prestación do servizo.

Para estes efectos as persoas interesadas dispoñen dun modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de inscrición, que poderá descargarse na páxina www.depo.es.

A solicitude de devolución da cota poderase presentar en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP. No caso de enviarse por correo postal ao Rexistro da Deputación o envío deberá ser certificado co selo de Correos na primeira folla do formulario.

Non se admitirán as solicitudes de devolución da cota que non se presenten na forma que se reflicte nesta base.



Décima. Obrigas das persoas participantes

As persoas participantes nos campamentos estarán obrigadas:

1. A incorporarse á actividade nos prazos establecidos
2. A non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable. En todo caso, o abandono da actividade antes da súa finalización requirirá a comparecencia da nai, do pai ou da persoa titora, que serán responsables do traslado da ou do menor ao seu domicilio
3. A respectar as normas establecidas polos equipos de animación e as normas de réxime interior das respectivas instalacións
4. A non transferir a praza

Décimo primeira. Protección de datos

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos recollidos nos diferentes modelos desta convocatoria resultan necesarios para a adxudicación das prazas dentro do programa “Depo Aventura” 2017.

A persoa solicitante consente, ao se adherir a estas bases, que os datos deste expediente queden incorporados aos ficheiros informáticos da institución provincial. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros coa finalidade de conter os datos das persoas que participan nos programas financiados pola Deputación, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos.

As listas de participantes nos campamentos ofertados e as listas definitivas publicaranse na páxina www.depo.es.

Co fin de lograr a efectiva difusión deste programa para as vindeiras convocatorias e co obxectivo de garantir os principios de transparencia, accesibilidade da información e veracidade (artigo 2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno), recolleranse experiencias e fotografías das instalacións e das persoas participantes, que poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais ou publicacións e incluso divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como nos sitios web da Deputación.

Coa sinatura da solicitude de participación as e os representantes legais (pais, nais ou persoas titoras) das persoas beneficiarias de praza indicarán expresamente que autorizan a tomar imaxes das actividades que se realicen nos mencionados campamentos (que se incorporarán ao ficheiro da Deputación) e a publicar estas imaxes para a promoción e difusión do propio programa de campamentos e a utilizar o teléfono móbil e correo electrónico como



forma de contacto, aviso e comunicación por parte da institución provincial coa persoa solicitante. No caso de que as e os representantes legais (pais, nais ou persoas titoras) das persoas beneficiarias marquen expresamente a opción de que non autorizan, a Deputación, de forma coordinada coa empresa que xestione a actividade dos campamentos, tomará as medidas pertinentes para velar pola protección da imaxe destas nenas ou nenos.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante as oficinas do Rexistro da Deputación nos termos establecidos nos artigos 15,16 e 17 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Décimo segunda. Orzamento

O orzamento consignado no Servizo de Cohesión Social para gastos directos do programa “Depo Aventura” 2017 ascende á cantidade de douscentos corenta mil (240.000,00) euros, e nel constan as seguintes consignacións:

17/231.3370.221.05 produtos alimenticios: 80.000,00 €

17/231.3370.227.99 traballos realizados por outras empresas: 160.000,00 €

Ademais existirán outros gastos indirectos, entre os que se atopan os da contratación de persoal, que se asumirán en función da demanda e que poderán ser xestionados ben por medios propios da Deputación ou ben realizando as contratacións que se consideren necesarias nos termos previstos no R. d. I. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Décimo terceira. Interpretación das bases

Todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases serán resoltas polo Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

Décimo cuarta. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público



- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público
- Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social
- Bases de execución do vixente Orzamento provincial

ANEXO I

Distribución de prazas asignadas a cada concello en función da poboación segundo os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística para o ano 2016:

Concello	Poboación	Cota total de prazas "Depo Aventura"	Prazas polo procedemento específico	Prazas polo procedemento xeral
Agolada	2507	10	4	6
Arbo	2770	10	4	6
Baiona	12119	30	4	26
Barro	3746	20	4	16
Bueu	12189	30	4	26
Caldas de Reis	9830	25	4	21
Cambados	13977	30	4	26
Campo Lameiro	1894	10	4	6
Cangas	26584	65	5	60
Cañiza, A	5234	25	4	21
Catoira	3376	20	4	16
Cotobade-Cerdedo	6071	25	4	21
Covelo	2528	10	4	6
Crecente	2131	10	4	6
Cuntis	4794	20	4	16
Dozón	1107	10	4	6
Estrada, A	20891	65	5	60
Forcarei	3621	20	4	16
Fornelos de Montes	1748	10	4	6
Gondomar	14192	30	4	26
Grove, O	10758	30	4	26
Guarda, A	10133	30	4	26
Illa de Arousa, A	4909	20	4	16
Lalín	20044	65	5	60
Lama, A	2587	10	4	6
Marín	24878	65	5	60
Meaño	5341	25	4	21
Meis	4844	20	4	16
Moaña	19458	30	4	26
Mondariz	4647	20	4	16
Mondariz-Balneario	614	10	4	6
Moraña	4313	20	4	16



Concello	Poboación	Cota total de prazas "Depo Aventura"	Prazas polo procedemento específico	Prazas polo procedemento xeral
Mos	15240	30	4	26
Neves, As	4038	20	4	16
Nigrán	17593	30	4	26
Oia	3002	20	4	16
Pazos de Borbén	3004	20	4	16
Poio	16901	30	4	26
Ponte Caldelas	5573	25	4	21
Ponteareas	22963	65	5	60
Pontecesures	3040	20	4	16
Pontevedra	82549	200	7	193
Porriño, O	19567	30	4	26
Portas	3056	20	4	16
Redondela	29563	65	5	60
Ribadumia	5105	25	4	21
Rodeiro	2644	10	4	6
Rosal, O	6349	25	4	21
Salceda de Caselas	8914	25	4	21
Salvaterra de Miño	9566	25	4	21
Sanxenxo	17314	30	4	26
Silleda	8734	25	4	21
Soutomaior	7251	25	4	21
Tomíño	13548	30	4	26
Tui	16966	30	4	26
Valga	6047	25	4	21
Vigo	292817	300	8	292
Vila de Cruces	5435	25	4	21
Vilaboa	6043	25	4	21
Vilagarcía de Arousa	37283	110	7	103
Vilanova de Arousa	10406	30	4	26

REPARTO DE PRAZAS POR CONCELLO			
Poboación maior ou igual a (núm. de habitantes)	Poboación menor ou igual a (núm. de habitantes)	Prazas polo procedemento xeral	Prazas polo procedemento específico (inclusión social)
0	3.000	6	4 10
3.000	5.000	16	4 20
5.000	10.000	21	4 25
10.000	20.000	26	4 30
20.000	35.000	60	5 65
35.000	80.000	103	7 110
80.000	200.000	193	7 200
200.000	292	8	300

Pontevedra, 9 de marzo de 2017.—A deputada delegada, Digna Rosa Rivas Gómez.—A secretaria accidental, Sonia Mateos Escudero.

